

ENTREVISTAS DA EDXO



Luis Rey Villaverde

Presidente da Escola Deportiva Xuventude Oroso
Presidente da Escola dende a súa creación no 2005, Luis Rey foi un dos fundadores e creadores da ED Xuventude Oroso.

Esta é a primeira dunha serie de entrevistas que temos pensado realizar a membros destacados da ED Xuventude Oroso ou a persoas cunha vinculación especial á mesma.

Dende aquí queremos agradecer a todos os seguidores e afeccionados da ED Xuventude Oroso a colaboración no envío das preguntas para esta entrevista.

Gustaríanos resaltar especialmente a colaboración na realización da mesma dalgúns afeccionados do Sigüeiro Fútbol Club, que enviaron preguntas á nosa web. Dende aquí agradecer a súa aportación e o seu apoio a esta iniciativa.

⇒ Este ano cumpríranse 4 anos dende a creación da Escola, qué balance farías ti destes catro primeiros anos?

Balance moi positivo, tanto no deportivo como no social.

Deportivamente acadamos en fútbol varios éxitos como ascensos e varios torneos, pero sobre todo e mais importante, é a evolución que tiveron os nenos no ámbito futbolístico.

En tenis de mesa resaltar que deportivamente os resultados son extraordinarios, algúns deles incluso impensables polo pouco tempo que levan os nenos nesta disciplina.

Pero dende logo creo que a parte mais importante estivo no social, creo que a Escola contribúe a unha boa relación de compañeirismo, forma e hábitos de vida saudable, e un largo ecétera. Por iso o gran recoñecemento na Gala do Deporte celebrada en Santiago, acadando o Premio de Benestar Social

⇒ Teño entendido que este ano tocan eleccións á Xunta Directiva da EDXO, presentáste á reelección?

Si, é certo, tocan eleccións. É unha valoración que creo que temos que facer conxuntamente toda a directiva para decidir se nos presentamos á reelección. En calquera caso, foron catro anos de moito traballo e de moito sacrificio e as persoas cánsanse.

⇒ Como ves o futuro do fútbol neste Concello. Ves posible a unión co SFC?

Eu creo que o futuro do fútbol en Sigüeiro debe ser bo porque ó traballar coa canteira sempre da os seus froitos.

En cato a se vexo posible a unión co Sigüeiro, sí que a vexo posible, e creo que é necesaria para o futuro do fútbol no noso concello.

⇒ Vemos que en Tenis de Mesa vamos polo camiño competitivo ou de alto rendemento. ¿En fútbol cal será a filosofía do club no futuro?

Eu creo que en Tenis de Mesa aparte do bo traballo feito, tamén se deron as circunstancias idóneas para poder contar con estes profesionais, e iso axudou moito.

Creo que estamos no bo camiño para que en fútbol tamén se poidan ir alcanzando metas e ter equipos en categorías inferiores ó mais alto nivel, recoñecendo que en fútbol é mais difícil polo gran número de equipos que hai en toda Galicia. Pero todo isto sen descoidar que isto é unha escola e debe prevalecer o aprendizaxe e debemos de ir poñendo ano a ano mais medios técnicos, físicos, ...

⇒ O pasado ano puxéronlle o céspede artificial ó campo de fútbol e din que este ano será o alumbrado, para cando un novo pavillón?

Esta pregunta tería que respondela o Concello, que é quen realiza as obras. En todo caso o que eu sei é que hai previsto arranxar o pavillón e a creación dun edificio multiusos que levará pista e ximnasio polo tanto axudará a que se poida practicar mais deporte.

⇒ Tedes pensado aumentar o número de equipos de fútbol? E os de tenis de mesa?

Iso vai depender da cantidade de nenos que se apunten. Se fora necesario faríamolo. Nós non queremos que ningún neno deixe de practicar deporte por non ter praza. Para iso é preciso que se apunten cando se abra o prazo de inscrición, porque unha vez que apuntamos os equipos, despois temos limitacións de fichas.

⇒Que coñece vostede da historia do clube con máis siareir@s do Concello de Oroso, o Sigüeiro Fútbol Clube?

Pois coñezo a historia dos últimos 15 anos que é o tempo que eu levo aquí. Despois sei algunhas cousas anteriores, que a xente me foi comentando.

⇒Por que non colaborou vostede co Sigüeiro FC e decidiu poñerse ó fronte dun equipo recién creado?

No colaborei co Sigüeiro porque non mo pediu ninguén das directivas que houbo. Se non, non houbera tido ningún problema en colaborar porque me gusta o fútbol e o deporte en xeral e porque sintome orgulloso, aínda que veña doutro concello, de vivir en Sigüeiro e no Concello de Oroso e todo canto eu poida facer por esta terra que tan ben me acolleu, fareino.

Teño tamén que dicir que a idea do proxecto de crear unha escola para nenos que quixeran facer deporte non foi miña. A min pedíronme para axudar e prestei a miña colaboración. O de ser presidente tampouco era a miña intención, pero ó final entre todos os demais directivos convencéronme.

⇒Por que non acepta unha unión Sigüeiro FC-Xuventude de Oroso, coa denominación de Sigüeiro FC, se é o equipo con máis tradición?

Dende a miña posición de presidente e eu persoalmente, gustárame que houbera esa unión, que tería que ser valorada conxuntamente polas dúas directivas e consultalo cos distintos socios das entidades. Dende a miña opinión, deberíase traballar cos nenos ata xuvenís no formato de escola e aprendizaxe, e despois ter como mínimo dous equipos senior; un denominado B que daría saída a toda a canteira e un A para alcanzar as cotas máis altas posibles e ter un gran equipo formado nas canteiras.

Respondendo á pregunta, eu persoalmente xamais me neguei a falar do tema.

⇒Moit@s siareir@s afirman que a directiva da EDXO ten finalidades políticas. Existen este tipo de fins?

Iso é totalmente falso. Dentro da directiva cada un de nós ten as súas afinidades políticas, como calquera cidadán da rúa. Pero do que estou seguro é de que ningún directivo desta escola utilizou a Escola para beneficiarse persoalmente ou beneficiar a algún partido político.